PSEC

# infórmaTE

www.ccooensino.gal marzo 2023

CCOO ensino

## TODA A INFORMACIÓN SOBRE A COMISIÓN DE PERSOAL ORDINARIA DO 22 DE MARZO DE 2023

A Comisión de persoal convocada para o día 22 de marzo, contaba na súa orde do día coa votacióne peche de negociación das cuestións seguintes:

### 1. Proposta de Acordo entre a Consellería de Mar e as organizacións sindicais sobre as condicións de traballo de determinadas prazas adscritas aos servizos periféricos daConsellería.

Despois de que se recolleran as nosas alegacións ao texto inicial deste acordo que semellaba máis unha relación de funcións do persoal Técnico facultativo de recursos Mariños, e mesmo melloráranse as condicións nas que propoñíamos as compensacións para o réxime especial de prestación de servizos, asinaremos este acordo, polo que manifestamos a nosa conformidade co mesmo e coas condicións que recolle a reavaliar de aquí ao 31 de decembro de 2025. Polo tanto, o noso voto foi A FAVOR.

### 2. Modificación da Relación de Postos da consellería do Mar.

Polo que respecta á modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Mar, na que sepropoñía para o persoal da especialidade de bioloxía unha reclasificación ao nivel 24 (tanto de complemento de destino como de complemento específico) que finalmente desembocou no acordo xa comentado, destacamos en positivo a creación dun posto de xefatura de sección e outro de xefatura de negociado no Servizo de Ensino e titulacións Náutico-Pesqueiras, na Subdirección Xeral de Xestión, Ensino e Relación Sectoriais, xa que estes postos serven para devolver ao público un servizo que ata o de agora estaba externalizado, así como a subida do nivel dun posto vacante de Técnico de Arquivos e Bibliotecas, do 20 no que estaba ao 25 para facilitar a súa cobertura. Entendemos que este é o camiño a seguir cando nas relacións de postos de traballo detéctanse necesidades de persoal e postos de difícil cobertura, crear postos con niveis interesantes para o persoal funcionario e garantir o servizo público, polo que o noso voto foi A FAVOR.

**Santiago de Compostela**
Rúa Miguel Ferro Caaveiro,8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

**A Coruña**
Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

**Ferrol**
Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

**Lugo**
Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

**Ourense**
Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

**Pontevedra**
Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

**Vigo**
Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

**O Barco**
Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

**Monforte**
Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

CCOO ensino Afíliate!

### 3. Modificación da Relación de Postos de Traballo da Consellería de Política Social e Xuventude consistente na transformación dunha praza de laboral en funcionario.

Neste caso trátase dunha modificación dun único posto de traballo de Titulada/o Superior Psicóloga/o, dependente da dirección xeral de maiores e persoas con discapacidade, que estabaaínda na RPT como un posto de persoal laboral no Grupo I categoría 006 e se transforma nun postode persoal funcionario da Corpo de facultativos superiores, escala de Psicoloxía, no subgrupo A1 ecun nivel de complemento de destino do 22.

Neste caso, e tendo en conta que se trata dunha modificación puntual e para facilitar a toma deposesión das persoas que superaron este proceso selectivo, o noso voto tamén é A FAVOR.

### 4. Dar conta dos Acordos de Carreira propostos na comisión de seguimento.

Dáse conta dos acordos que constan nas actas correspondentes que xa están publicadas na páxina web de Función Pública, e fan referencia ás seguintes cuestións interpretativas do Acordo de carreira administrativa do persoal funcionario e do complemento de desempeño do persoal laboral. Para unha información detallada deixamos o enlace de acceso ás actas da Comisión de Seguimento



ensino
Afíliate!

# TODA A INFORMACIÓN SOBRE A COMISIÓN DE PERSOAL ORDINARIA DO 22 DE MARZO DE 2023

## 4. Información facilitada pola DXFP a preguntas dos sindicatos

- Enquisa para a realización da diagnose para a elaboración do Plan de Igualdade: estaba previsto que se remitise esta enquisa a todo o persoal da Xunta de Galicia dende o día 20 de marzo ata o 10 de abril, pero non se remitiu aínda por problemas técnicos e parece que unha vez solventados estes remítase hoxe ou mañá.
- Proceso selectivo da escala de enxeñería técnica forestal: están pendentes de baremación e non están dentro dos procesos prioritarios, e polo tanto, este proceso forma parte doutro grupo de convocatorias convocadas en decembro de 2021.
- Actualización das puntuacións nas listas de contratación temporal: comprobarán por que non se realizaron as actualizacións correspondentes aos procesos do Grupo II categoría 007,e comenta que é posible que como a actualización é automática, e polo tanto que se actualizasen os datos do A2 e non o II-007.
- Respecto das excedencias que se están concedendo ao persoal afectado polas eleccións de destino provisionais, o director xeral da Función Pública confirma que ao persoal que é persoal interino doutras Administración públicas e no SERGAS estáselle a conceder, se así o solicita, a excedencia por interese particular, xa que para o persoal interino non hai unha excedencia equivalente á excedencia por prestación de servizos no sector público que existe para o persoal funcionario de carreira, e polo tanto, estase concedendo con independencia do tempo de antigüidade que teñan na Administración na que prestan servizos. Ao persoal funcionario de carreira estáselle concedendo a excedencia por prestación de servizos no sector público que é a que lle corresponde, e estas excedencias manteranse ata a elección de destino definitivo á que se convocará en todo caso a todo o persoal en excedencia.

Tras a Comisión de persoal mantivemos unha xuntanza de Mesa Xeral de empregados públicos para tratar unicamente a conversión de tres prazas correspondentes á escala de enfermería en prazas de persoal funcionario a tempo completo, para facilitar a toma de posesión do persoal desta especialidade que superou o correspondente proceso selectivo.